



A Cámara galega aposta, con esta medida, pola formación das persoas que veñen de rematar os seus estudos universitarios

O Parlamento de Galicia convoca oito bolsas para a formación práctica de licenciados e diplomados universitarios

- As bolsas terán unha duración de 12 meses e facilitan formación práctica en áreas como arquivo, biblioteca e documentación, comunicación institucional, informática e publicacións
- Unha vez publicada a convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, os interesados dispoñen dun prazo de 20 días naturais para presentar as solicitudes

Santiago, 23 de outubro de 2010.- O Parlamento de Galicia aposta pola formación práctica das persoas que veñen de rematar os seus estudos e convoca oito bolsas dirixidas a licenciados e diplomados universitarios en diferentes disciplinas.

O *Diario Oficial de Galicia* publicou este venres as bases da convocatoria, polo que os aspirantes dispoñen dun prazo de 20 días naturais, contados a partir de hoxe, para formalizar as solicitudes.

As bases poden consultarse no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* (número 334, do 15 de outubro de 2010, dispoñible en www.parlamentodegalicia.es) e no propio *Diario Oficial de Galicia* (www.xunta.es/consulta-do-dog).

En concreto, ofértanse cinco bolsas para a formación práctica de arquivistas, bibliotecarios e documentalistas (dirixido a licenciados ou diplomados en biblioteconomía e documentación); unha para comunicación institucional (licenciados nas facultades de Ciencias da Comunicación ou Ciencias Sociais e da Comunicación); outra para persoal informático (licenciados ou diplomados en informática); e outra para o servizo de publicacións (licenciados en Traducción e Interpretación, rama de galego, ou en Filoloxía Galega).

Estas bolsas terán unha duración de doce meses cunha contía global de 12.000 euros brutos, suxeitos a retención.

A concesión de cada unha destas bolsas será efectuada pola Mesa do Parlamento logo da proposta efectuada por unha comisión de avaliación presidida pola presidenta da Cámara e integrada por funcionarios da institución.

Saúdos, Gabinete de Comunicación